


## PERFÍS DA XUNTA DIRECTIVA

### Presidenta

Nome: **MILAGROS REY PÉREZ**

#### Funcións:

- Representar oficialmente a AMBAR.
- Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- Nomear a calquera persoa como Asesor, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.
- Permitir ou non, a presenza de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
- Ordenar os pagos con cargo ós fondos de AMBAR. Leva a sinatura social conxuntamente co Secretario ou o Tesoureiro.
- A retirada dos fondos de AMBAR depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do Secretario ou do Tesoureiro.
- Autorizar coa súa firma as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
- Subscribir contratos en nome de AMBAR, outorgar poderes a terceiros, exercer accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese ós fins de AMBAR.
- Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios de AMBAR.
- Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.



#### Perfil profesional:


- Cursos para a mellora das competencias propias: asistente persoal, galego, informática e ofimática, fotografía, e relacionado co desenvolvemento de habilidades no ámbito da diversidade funcional.
- Presidenta de AMBAR desde 1997 a 2015 e desde 2016 ata a actualidade.
- Membro da Xunta Directiva de AMBAR dende 1990.
- Membro do grupo defensor do servizo de Logopedia (en A Pobra, prestaba servizo nos anos 80 a nenos/as con diversidade funcional do Barbanza).
- Membro activo en grupos de desenrolo local como o GDR Deloa e o GALP Ría de Arousa
- Presidenta da Fundación Diversia entidade que vela pola dignidade e os dereitos humanos e civís das persoas con diversidade funcional exercendo as institucións de garda e protección e asistencia social .

### Vicepresidenta

Nome: **M<sup>a</sup> LUÍSA RODRÍGUEZ QUEIRUGA**

#### Funcións:

- O Vicepresidente substituirá temporalmente ó Presidente nos casos de ausencia ou enfermidade.
- Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións do Presidente que este delegue expresamente nel.



- No caso de substitución definitiva, esta sería ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

Perfil profesional:

- Licenciada en Filoloxía Hispánicas no 1998 e licenciada en Filoloxía Románicas en 1999.
- Traballando fundamentalmente na docencia por conta propia ata 2008 e como funcionaria fixa a tempo completo dende 2008 ata a actualidade.
- Últimos centros de traballo:  
IES Leliadoura, IES Pobra do Caramiñal, IES Cachada (actualmente)
- Vicepresidenta da Fundación Diversia

## Secretaría

Nome: **ALICIA M<sup>a</sup> ROMERO LUACES**

Funcións:

- Custodiar os libros, documentos e selo de AMBAR, excepto os libros de contabilidade.
- Levar o Libro de Rexistro de Socios.
- Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
- Librar certificacións con referencia ós Libros e documentos de AMBAR co visto e prace do Presidente.
- Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura do Presidente.
- Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, enviaranse as Actas e a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
- Responsabilizarse, xunto co Presidente, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios de AMBAR
- A organización dos servizos técnicos de AMBAR.
- Impulso e control do funcionamento de AMBAR.
- A representación xurídica diante de todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial, por delegación do Presidente.
- Responsabilizarse de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, de AMBAR.



Perfil profesional:

- Son Educadora Social e teño experiencia de máis de 10 anos na xestión e coordinación de proxectos, conto tamén con formación complementaria en dirección e xestión de centros e con ampla experiencia e participación no movemento asociativo.
- Son a responsable da área de administración de AMBAR, e ocúpome da xestión de recursos humanos, económicos e materiais para o bo desenrolo dos servizos e programas da entidade.
- Membro do conselleiro do CEE Ambar Acción Social.

## Tesoureiro

Nome: **JOSÉ ANTONIO CHOUZA ROMERO**

### Funcións:

- Custodiar e levar libros de Contabilidade.
- Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica de AMBAR.
- Custodiar os fondos de AMBAR, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento de AMBAR. Para dispoñer dos fondos de AMBAR, necesitará da sinatura do Presidente.
- Farase cargo das cantidades que se ingresen en AMBAR, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
- Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura do Presidente.
- Elaborará os presupostos anuais e fará previsións de futuro.
- Cobrará as cotas dos socios.
- Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.



### Perfil profesional:

- FP Superior en Automoción e Administración e Finanzas.
- Asociado en AMBAR dende o ano 2000.
- Presidente do Centro Especial de Emprego AMBAR Acción Social constituído en 2009.
- Vicepresidente da Asociación Club Deportivo Acciona.
- Membro do padroado da Fundación Diversia que exerce a medidas de protección xurídica para persoas con diversidade funcional .
- Socio da Asociación Compostelana de Esclerosis dende 1993.
- Membro do Grupo de Teatro de Lampón – Boiro.
- Membro activo da comisión de Accesibilidade da Asociación AMBAR.

## Vogais

Nome: **ANXO ANTÓN QUEIRUGA VILA**

### Funcións:

- Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
- Ostentar a representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprir os fins que marcan os Estatutos.

### Perfil profesional:

- FP2 Administrativo (Especialidade Administrativa e Comercial) con experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade dende 1984.



- Traballa en COGAMI dende o ano 1997, comezando como Técnico de Administración. No ano 2002 pasa a ser responsable do Servizo de Intermediación Laboral e con posterioridade Responsable da Área de Formación e Emprego. No ano 1998 entra a formar parte da Xunta Directiva como Vicepresidente e no ano 2007 asume a Presidencia de COGAMI e do Grupo Empresarial Galega de Economía Social ata a actualidade.
- Actual presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade COGAMI, e da Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica COCEMFE

Nome: **JUAN MANUEL SAMPEDRO ÁLVAREZ**

Funcións:

- Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
- Ostentar a representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprilo fins que marcan os Estatutos.



Perfil profesional:

- Experiencia laboral no sector da construción.
- Cursos formativos de informática e relacionados coa construción. Seminario de Vida Independente a Autoxestión da Asistencia Persoal.
- Ponente na Campaña Divulgativa da Convención da ONU sobre os dereitos das Persoas con Diversidade funcional durante o 2009, promovida por AMBAR nos centros educativos da Barbanza.
- Membro da Xunta Directiva de AMBAR dende 2015.
- Membro da Asociación Club Deportivo Acciona.
- Membro activo da comisión de Accesibilidade da Asociación AMBAR.
- Interese pola economía.

Nome: **JOSÉ MANUEL DE LA IGLESIA MARTÍNEZ**

Funcións:

- Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
- Ostenta-la representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprilo fins que marcan os Estatutos.



Perfil profesional:

- Formación na áreas de informática, empregado de oficina, encadernación, artesanía en pel...
- Membro da Xunta Directiva de AMBAR dende 2015.
- Membro da Asociación Club Deportivo Acciona.
- Socio Colaborador de Médicos Sen Fronteiras.
- Membro da Directiva da Asociación Cultural Hijos de Palmeira durante o 2001.
- Membro activo da comisión de Accesibilidade da Asociación AMBAR.
- Campión de Atletismo en Cadeira de rodas en Pontevedra (2000), Barcelona (2001) e Madrid (2002); Campión Galego en 100m (1993).

Nome: **RAFAEL ANTONIO PIÑEIRO ROMERO**

Funcións:

- Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
- Ostenta-la representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprir-los fins que marcan os Estatutos.

Perfil profesional:

- Cursos de formación nas áreas de informática, fotografía, encadernación, cestería e galego.
- Experiencia no ámbito laboral como pintor, encadernador, cociñeiro e mariñeiro.
- Vinculación á AMBAR dende a década dos 90.
- Presidente actual da Asociación Simón Varela de Rianxo, da que nace o coñecido Teatro Airiños.
- Membro activo da comisión de Accesibilidade da Asociación AMBAR.
- Fundador e actual presidente da Asociación Cultural O Ferrado.

